

## DON ELADIO

Era aquel don Eladio que lembramos  
pintasilgo humildoso do Ribeiro,  
rebuscador de verbas e braceiro  
destes sacros socialcos cal recamos.

Era aquel don Eladio que loamos  
clarín do Miño e do Avia gaioleiro,  
pavía entre folerpas e viveiro  
de oracións campesiñas coma ramos.

Estilador de termos reverente,  
místico podador de dobre aceiro,  
Eladio de San Clodio foi un vento

que desde a Ribadavia sorridente  
ata os salgueiros lánquidos de Leiro  
sempre abonou cun canto suculento.

X. C. Gómez Alfaro